



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

25 SEP. 2024 15:38:32

Entrada **41821**

Pregunta sobre as actuacións previstas no cruzamento de Queirís en Coirós

Competencia
Subcompetencia
Tipo Expediente

Competencias de la Cámara
Control e información
184-Pregunta al Gobierno con
respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL


Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas ás obras previstas no cruce de Queirís en Coirós.**

O Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel facía público no mes de outubro de 2020 que viña de aprobar definitivamente o proxecto de trazado denominado “De mellora da seguridade viaria no cruzamento de Queirís” no Concello de Coirós cun orzamento previsto de 600.000 euros.



Glorieta proyectada por el Ministerio de Transportes en el cruce de Queirís. // LA OPINIÓN

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

25 SEP. 2024 15:38:32

Entrada **41821**



Informaba así mesmo que restaba só redactar o proxecto de construción, no que se terían en consideración as alegacións recibidas durante o expediente de información pública do expediente.

A actuación previa mellorar a seguridade viaria na intersección da NVI transformando a intersección de Queirís nunha rotonda completa, ademais de proceder a reordenar os accesos nas marxes de ambas vías. O proxecto especificaba que se ía construír a glorieta no punto quilométrico 570 e que se habilitarían vías de servizo paralelas á NVI desde o punto quilométrico 570+180 ao 570+340.

Despois do último e aparatoso accidente producido neste punto que tivo lugar o pasado 30 de maio o BNG presentaba unha pregunta en que lembraba a urxencia de retomar as actuacións previstas polo Ministerio neste punto de construción da rotonda para mellorar a seguridade viaria nun tramo con alta sinistralidade (algo innegábel aínda que desde o Ministerio non se lle atribúa a condición de “punto de concentración de accidentes”).

En resposta a esta iniciativa (184/9600) o Goberno limitábase a dicir que non considera que exista maior sinistralidade que noutros puntos ou estradas (o cal non quere dicir que esta sexa baixa) e que no tramo existen controis e vixilancia por parte da Garda Civil de Tráfico que, aínda que podan ter un efecto disuasorio de cara á comisión de infraccións de tráfico, non poden previr os accidentes derivados da falta de adecuación e de seguridade suficiente no cruzamento.

En todo caso, na resposta o Ministerio non se fai ningunha referencia á actuación anunciada en 2020 de construír unha rotonda no cruzamento de Queirís en Coirós que, tal e como demandaban os veciños e veciñas, persoas usuarias da vía e o propio BNG, permitiría mellorar a seguridade viaria no tramo e reducir a sinistralidade. Esta ausencia fai que a veciñanza se alarme pola falta de compromiso do Goberno en completar unha obra pola que levan agardando desde o 2009 e pola que se mobilizaron ao longo dos anos.



Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. En que estado se encontra o proxecto anunciado polo Ministerio de Transportes en 2020 para a instalación dunha rotonda de regulación do tráfico no cruzamento de Queirís en Coirós cun investimento previsto de 600.000 euros?
2. Desbotou o Ministerio definitivamente esta actuación largamente demandada polos veciños e veciñas e da que xa se aprobara definitivamente o proxecto de trazado e realizado o trámite de información pública?
3. En caso contrario, por que non incluíu a información sobre esta actuación prevista na anterior resposta?
4. Cal foi o custo para as arcas públicas da redacción do proxecto de rotonda para o cruzamento de Queirís en Coirós?
5. Considera o Ministerio que é mellor desbotar o xa feito e non rematar a actuación prevista para este punto? Cales son as razóns e argumentos que avalan esta decisión?

Madrid, a 25 de setembro de 2024


Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso

A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a las obras previstas en el cruce de Queirís en Coirós.**

El Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible hacía público en el mes de octubre de 2020 que acababa de probar definitivamente el proyecto de trazado denominado “De mejora de la seguridad viaria en el cruce de Queirís” en el Concello de Coirós con un presupuesto previsto de 600.000 euros.



Glorieta proyectada por el Ministerio de Transportes en el cruce de Queirís. // LA OPINIÓN



Informaba asimismo que restaba solo redactar el proyecto de construcción, en el que se tendrían en consideración las alegaciones recibidas durante el expediente de información pública del expediente.

La actuación preveía mejorar la seguridad viaria en la intersección de la NVI transformando la intersección de Queirís en una rotonda completa, además de proceder a reordenar los accesos en las márgenes de ambas vías. El proyecto especificaba que se iba a construir la glorieta en el punto kilométrico 570 y que se habilitarían vías de servicio paralelas a la NVI desde el punto kilométrico 570+180 al 570+340.

Después del último y aparatoso accidente producido en este punto, que tuvo lugar el pasado 30 de mayo, el BNG presentaba una pregunta en que recordaba la urgencia de retomar las actuaciones previstas por el Ministerio en este punto de construcción de la rotonda para mejorar la seguridad viaria en un tramo con alta siniestralidad (algo innegable aunque desde el Ministerio no se le atribuya la condición de “punto de concentración de accidentes”).

En respuesta a esta iniciativa (184/9600) el Gobierno se limita a decir que no considera que exista mayor siniestralidad que en otros puntos o carreteras (lo cual no quiere decir que esta sea baja) y que en el tramo existen controles y vigilancia por parte de la Guardia Civil de Tráfico que, aunque puedan tener un efecto disuasorio de cara a la comisión de infracciones de tráfico, no pueden prevenir los accidentes derivados de la falta de adecuación y de seguridad suficiente en el cruce.

En todo caso, en la respuesta el Ministerio no se hace ninguna referencia a la actuación anunciada en 2020 de construir una rotonda en el cruce de Queirís en Coirós que, tal y como demandaban los vecinos y vecinas, personas usuarias de la vía y el propio BNG, permitiría mejorar la seguridad viaria en el tramo y reducir la siniestralidad. Esta ausencia hace que el vecindario se alarme por la falta de compromiso del Gobierno en completar una obra por la que llevan esperando desde el 2009 y por la que se movilizaron a lo largo de los años.



Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿En qué estado se encuentra el proyecto anunciado por el Ministerio de Transportes en 2020 para la instalación de una rotonda de regulación del tráfico en el cruce de Queirís en Coirós con una inversión prevista de 600.000 euros?
2. ¿Ha descartado el Ministerio definitivamente esta actuación largamente demandada por los vecinos y vecinas y de la que ya se había aprobado definitivamente el proyecto de trazado y realizado el trámite de información pública?
3. En caso contrario, ¿por qué no incluyó la información sobre esta actuación prevista en la anterior respuesta?
4. ¿Cuál ha sido el coste para las arcas públicas de la redacción del proyecto de rotonda para el cruce de Queirís en Coirós?
5. ¿Considera el Ministerio que es mejor descartar lo ya hecho y no finalizar la actuación prevista para este punto? ¿Cuáles son las razones y argumentos que avalan esta decisión?

Madrid, a 25 de septiembre de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso

